



PLAN ANUAL DE LECTURA

IES Nº 1 DE RIBEIRA

CURSO 2024-2025



PLAMBE



ÍNDICE

1. Introducción
2. Obxectivos
3. Organización de espazos e tempos para a lectura
4. Persoa designada como responsable/dinamizadora da Biblioteca. Equipo da Biblioteca. Horario previsto
5. Xestión
6. Rutinas de lectura. Actividades previstas
7. Recursos humanos e materiais
8. Achegas do departamentos aos itinerarios lectores
9. Formación ALFIN
10. Ler en familia. Actividades para a implicación das familias
11. Seguimento e avaliación

1-INTRODUCCIÓN

O IES Nº 1 é un centro público situado nun municipio que é o porto de baixura máis importante de España. Vive da pesca, da súa industria transformadora, do marisqueo o do sector turístico. O seu alumnado é diverso, xa que temos 720 alumnos/as en horario diúrno e nocturno presencial (ESA, Bacharelato de ciencias e de humanidades e ciencias sociais, cursos de alfabetización). A potenciación dos idiomas lévase a cabo por medio do programa CUALE de inglés, e o programa *That's English*.

Participa no proxecto Abalar dende o seu nacemento e dende fai cinco anos están equipadas todas as aulas de referencia de 1º e 2º ESO para o programa Edixgal.

Con respecto ao profesorado, este curso contamos con 66 profesores/as, dos cales pouco máis dun 50% ten praza definitiva. Compartimos espazo, tanto no centro como na Biblioteca, cunha delegación da Escola Oficial de Idiomas. O centro é accesible para persoas con diversidade funcional e a biblioteca está situada na planta baixa.

Desde o curso 2009-2010 formamos parte do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares de Galicia. A Biblioteca intenta ser un motor cultural e dinámico que sexa capaz de integrar a toda a comunidade educativa e que mellore o grao de adquisición das competencias clave do alumnado. A satisfacción do alumnado coas actividades propostas e a implicación do profesorado fainos pensar nunha valoración global positiva.

2-OBXECTIVOS

O Plan Anual de Lectura (PAL) é un programa con obxectivos e accións para o desenvolvemento do Proxecto Lector do Centro (PL). Tratamos de deseñar un plan personalizado e adaptado ás características específicas do noso centro, que vaia encamiñado a mellorar as competencias fundamentais de lectura e escritura do noso alumnado desde todas as áreas do currículo, xa que nelas atópase a base de calquera tipo de aprendizaxe. No desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro, a través do Plan Anual de Lectura, vanse incorporando, ano tras ano, actividades, propostas e fórmulas de intervención que enriquecerán a seguinte revisión do proxecto.

Para o desenvolvemento deste plan é necesario potenciar o uso da Biblioteca escolar do centro, a través de actividades de dinamización que impliquen a maioría dos departamentos didácticos así como a outros órganos da nosa contorna (biblioteca pública, asociacións culturais, librarías,...). Trátase, en definitiva, de implicar a toda a comunidade educativa no proceso de adquisición do hábito lector.

Tendo en conta os obxectivos do PROXECTO LECTOR DE CENTRO, formúlase os obxectivos do PLAN ANUAL DE LECTURA:

- Desenvolver a competencia lectora do alumnado.
- Contribuír a mellorar a súa competencia na expresión oral e escrita.
- Fomentar e estimular os hábitos de lectura en toda a comunidade educativa.
- Favorecer a competencia literaria a través da lectura de textos pertencentes a distintos xéneros.
- Converter a lectura nunha estratexia metodolóxica para a mellora da aprendizaxe.
- Apoiar a adquisición de competencias básicas.
- Educar no uso crítico da información.
- Contribuír á alfabetización informacional.
- Implicar a toda a comunidade educativa no programa de lectura a través da participación en actividades de distinto tipo, organizadas polo centro escolar e outros órganos da contorna.
- Tecer microrredes con outras bibliotecas escolares da contorna.

3-ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA

O Plan Anual de Lectura contempla o uso dos recursos centralizados na biblioteca e debe garantir:

- Un amplo horario de apertura da biblioteca que no noso caso abrangue todo horario de diúrno e case todo o de nocturno.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00 - 9:50					
9:50 - 10:40					
10:40 - 11:30					
11:30 - 12:00					
12:00 - 12:50					
12:50 - 13:40					
13:40 - 14:30					
16:00 - 16:50					
16:50 - 17:40					
17:40 - 18:30					
18:40 - 19:30					
19:30 - 20:20					
20:30 - 21:20					
21:20-22:10					

- Tempo adicado á lectura na Hora de Ler (1º e 2º da ESO).
- Tempos empregados a través dos distintos grupos do Club de lectura.

- En canto aos espazos, contamos cunha sala de lectura que esperamos poder ampliar nos vindeiros curso, dada a alta demanda por parte dos noso usuarios. Pero tamén contamos con outras ubicacións: bibliotecas de aula nas aulas de PDC, espazo de Autopréstamo, espazo lector na cafetería, departamentos, sala do profesorado...

4- PERSOA DESIGNADA COMO RESPONSABLE/DINAMIZADORA DA BIBLIOTECA ESCOLAR. EQUIPO DE APOIO. HORARIO PREVISTO

- Responsable/dinamizadora: María Dolores Rama Pico (Lingua castelá e literatura).
- Equipazo de apoio: Javier Casamitjana (Inglés), Carme Pazos (Lingua galega e literatura), Josefina Fuentes (Grego), Margarita Lobato (Historia), Javier Varela (Matemáticas), María Fernández (Ciencias), Marcos Fernández (Historia).
- Horario previsto: contamos cunha hora de reunión semanal ara catro integrantes do e Equipo e horas de garda na biblioteca para todos.

5-XESTIÓN

Este curso formamos parte do grupo de Bibliotecas Escolares de Galicia que migrou ao programa de xestión Koha. Esta migración supón unha carga de traballo maior para o Equipo da Biblioteca e todo o profesorado de garda na Biblioteca e a necesidade de participar en actividades formativas.

6-RUTINAS DE LECTURA. ACTIVIDADES PREVISTAS

Na tarefa de traballar en prol da comprensión lectora e o fomento da lectura, o plan de traballo inclúe:

ACTIVIDADES DE AULA:

- Incluír en todas as materias a lectura de textos en distintos soportes, potenciando o uso do dicionario e a realización de esquemas e resúmenes.
- Fomentar a lectura de textos de diferente tipo en linguas estranxeiras.
- Fomentar a práctica en cada unha das materias de distintos tipos de textos: narrativos, poéticos, periodísticos, imaxes, mapas, climogramas...
- Fomentar a dedicación dun tempo de lectura periódico.

ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN DOCUMENTAL:

- Potenciar a busca de información en diferentes fontes (biblioteca escolar, biblioteca pública e tecnoloxías da información e a comunicación).
- Potenciar a realización de exposicións escritas e orais propias, a partir da información existente e a súa presentación en soportes variados (presentacións, portfolios, bitácoras, gráficos, artigos...).

- Fomentar o traballo en grupo coa finalidade de potenciar o intercambio de opinión e o respecto polos demais.
- Potenciar a participación en actividades a través da páxina web do instituto e os distintos blogs e redes sociais existentes no centro (biblioteca, club de lectura...).
- Elaboracións de boletíns, trípticos, guías de lectura, etc., en formato dixital.
- Potenciar a consulta dos fondos de biblioteca a través do manexo do programa MEIGA, segundo o catálogo neste programa vaia crescendo.
- Colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega na elaboración de actividades.

ACTIVIDADES PROMOVIDAS E COORDINADAS POLA BIBLIOTECA:

Seguiremos cas seguintes iniciativas sistemáticas:

HORA DE LER

Dende fai un ar de cursos, quixemos darlle pulo a esta actividade, e levamos a cabo unha reformulación: elaboramos un proxecto que presentaremos a todo o claustro e aprobaremos no Consello Escolar (para incidir no compromiso de toda a comunidade educativa con fomento da lectura), elaboraremos un novo horario de lectura (15-20 minutos diarios) e crearemos un equipo de profesores/as comprometidos en levar a cabo a actividade con seu alumnado (ademáis de ler a diario con todo o grupo).

É unha actividade de fomento da lectura polo que non se pedirá ningún traballo ou proba sobre o lido e na que o alumnado poderá escoller unha obra dos fondos da biblioteca. Sempre estarán asesorados na súa escolla por profesorado de garda da mesma.

Este proxecto aplicarase aos cursos de 1º de ESO e 2º de ESO dada a valoración positiva da mesma que se fixo o pasado curso.

CLUB DE LECTURA

ANTECEDENTES

No curso 2009-2010 púxose en marcha un club de lectura no que participabamos dous centros de Ribeira, o IES Coroso e o Nº1. As reunións celebráronse no tempo de recreo da mañá, entre as 11:30 e as 12:00 horas. Despois organizouse un club de lectura, conxuntamente co IES Leliadoura (Ribeira), dirixido a adultos. As xuntanzas levábanse a cabo unha vez ao mes no Ateneo Valle-Inclán. Actualmente, o club está desvinculado dos centros de ensino.

Desta experiencia xurdiu, no curso 2012-13, a creación dun club de lectura como parte do Proxecto Lector de Centro.

CURSO 2024-2025

Este ano haberá varios grupos:

- Club de lectura de 1º-2º de ESO.
- Club de lectura 3º- 4º de ESO.
- Club de lectura de Bacharelato.
- Club de lectura de adultas.

OBXECTIVOS

Os máis salientables son:

1. Potenciar o hábito lector na comunidade escolar compartindo opinións e experiencias e fomentando o respecto por outros puntos de vista.
2. Fomentar o uso da biblioteca como lugar de enriquecemento cultural.
3. Empregar os recursos TIC para a difusión das actividades.
4. Seguir dando saída ás expectativas do alumnado que dun modo máis espontáneo manifesta unha predisposición ao mundo da lectura.
5. Converter este alumnado en animadores non formais da experiencia lectora entre o resto dos compañeiros.

ACTIVIDADES PREVISTAS

- ❖ Reunión periódica dos diferentes grupos para comentar a obra proposta.
- ❖ Xuntanza con escritores para debater sobre a súa obra e o proceso creativo. Se é posible, esta ano farémolas a través da rede.
- ❖ Utilización de medios audiovisuais para o fomento da lectura. Descubrir programas, blogs e webs nos que se fale de libros.
- ❖ Traballo con medios audiovisuais: cine, series, etc.
- ❖ Roteiros e visitas a espazos literarios.

OUTRAS ACTIVIDADES

O Equipo da Biblioteca será o encargado de organizar, promover e difundir as seguintes actividades:

- Realización de **actividades de promoción, difusión e animación da lectura** en datas significativas: Día das Escritoras, Samaín, Día Contra a Violencia de Xénero, Día da Muller, Día da Muller e a Nena na Ciencia, Día das letras galegas, Día do Libro, etc).
- Organización de **visitas** á biblioteca para o alumnado novo no centro.
- Organización de sesións de **“Formación de usuarios”** e difusión entre os titores do material dentro do ámbito da Alfabetización Informacional.

-**Guías de recomendacións** de lectura.

-Colaboración e organización de actividades na Semana Cultural.

-**Xuntanzas con escritores**, especialmente en relación co Club de Lectura.

-**Bibliomóvil**. Creamos unha “Biblioteca ambulante”, especialmente enfocada no alumnado de 1º e 2º de ESO con libros de diversas materias e xéneros que pode desprazarse ás aula na Hora de Ler ou en horas de garda.

-Participación do alumnado en **obradoiros** de escritura, lectura, fotografía, poesía, banda deseñada, etc.

-**Maletas viaxeiras**. A petición do profesorado, organizaremos as nosas propias maletas con libros con contidos específicos ara levar á aula (banda deseñadas, Ciencias, Historia, Matemáticas, Arte...).

-Seguir coas actividades: **“Os sons da biblio”** (actividade musical para que o alumnado descubra que a música máis alá das aula).

-**Roteiros literarios**.

-Fomento da lectura da **prensa**. Contamos con prensa diaria, tanto na Biblioteca como na sal do profesorado.

-Difusión de actividades, difusión de novidades e recomendación de lecturas a través de **redes sociais** (blog, Instagram) e a web do centro.

7-RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

*EQUIPO DIRECTIVO

Correspóndelle liderar o Plan Anual de Lectura e pór en marcha todas as estratexias necesarias para a súa implantación no centro, para o seu desenvolvemento coordinado e para a realización dun proceso de avaliación interna do mesmo. Así mesmo deberá integralo dentro da Programación Xeral Anual.

*COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

Terá unha dobre función:

-Colaborar na elaboración do deseño, seguimento e avaliación do Plan Anual de Lectura.

- Colaborar co equipo directivo na coordinación de todo o proceso.

*PROFESORADO

Baixo a coordinación dos Xefes de Departamento, todo o profesorado é responsable da posta en marcha do Plan Anual de Lectura e das actividades de fomento da lectura recollidas nas programacións didácticas.

Ademais, é responsabilidade súa a realización de actividades que melloren a competencia lectora, o hábito de lectura e o gusto pola mesma.

A maior parte do claustro colabora nas distintas actividades organizadas.

*EQUIPO DE BIBLIOTECA

Está formado nove profesores dos departamentos de Lingua castelá, Lingua galega, Grego, Historia, Ciencias, Matemáticas e Inglés.

*COORDINADOR/A DO EQUIPO DE BIBLIOTECA

As súas funcións son:

-Axudar a programar o Plan Anual de lectura dende a análise da situación, as necesidades e os obxectivos establecidos no Plan Lector.

-Axudar na organización dos documentos e recursos dispoñibles.

-Coordinar o funcionamento da biblioteca e facilitar o seu uso.

-Atender ás demandas de fondos bibliográficos do profesorado e alumnado.

-Colaborar no uso didáctico da biblioteca.

-Coordinar as tarefas do equipo de biblioteca.

-Planificar accións de dinamización bibliotecaria.

-Colaborar na formación do alumnado, profesorado e familias como usuarios.

-Coordinar e actuar de enlace entre as súas propias actuacións coas do centro e os axentes externos.

*ALUMNADO

Participarán activamente no Plan Anual de lectura como protagonistas do acto lecto-escritor e como membros das distintas estruturas organizativas (colaboradores da biblioteca, axentes de animación, autores de textos, apoio á selección de fondos, difusores das actividades, participantes nos distintos concursos, etc).

*PAIS E NAIS

Crearán no fogar un clima lecto-escritor e animarán aos seus fillos/as no hábito de lectura. Ademais implicaranse nas actividades que se planifiquen. Nalgunhas actividades pídese a colaboración da ANPA, que sempre está disposta a colaborar.

*RECURSOS MATERIAIS

Na Biblioteca concéntranse os fondos documentais do centro, que están en continua renovación tendo como criterio fundamental a adecuación aos niveis lectores. Ademais, o centro conta con fondos localizados nestes outros lugares (aínda que neste curso quedarán suxeitas ao establecido polo protocolo covid do centro):

-Zona de Autopréstamo: Biblioteca con autoxestión situada á entrada do centro.

-Bibliotecas de aula: Neste momento utilízanse dúas bibliotecas de aula nos espazos nos que se impraten clase de PDC.

-Zonas de lectura informal: Na cafetería, no ximnasio e na zona de espera. Con elas pretendemos que a comunidade educativa dispoña de diversidade de ofertas e que non asocie a lectura a un ámbito concreto.

9-ACHEGA DOS DEPARTAMENTOS AO PROXECTO LECTOR E ITINERARIOS LECTORES

O percorrido que pode realizar o alumnado dunha etapa completa cando se lle garante durante o tempo escolar o acceso a un corpus de lecturas previamente seleccionadas constitúe o “itinerario de lectura do centro”. Está composto por obras e textos literarios, recreativos e informativos. A configuración do itinerario lector conleva un dispositivo de intervención para todo o centro no tratamento das lecturas.

No itinerario, que permite continuas incorporacións de obras, inclúense as obras do canon escolar. Entendemos por “canon escolar” o conxunto de obras apropiadas pola súa calidade e seleccionadas coa intención de colaborar á formación do alumnado. Agora ben, é conveniente contemplar sempre un mínimo de flexibilidade na selección do corpus de lecturas (realizada de maneira cooperativa polo profesorado) e estar abertos á incorporación de novas obras, pois haberá que atender aos cambios derivados das características do alumnado de novo ingreso, dos resultados das avaliacións do programa de lectura, do contexto sociocultural, da produción editorial, etc.

Estes son os itinerarios lectores propostos polos distintos departamentos didácticos:

PLAN DE LECTURA NO DEPARTAMENTO DE CIENCIAS

ADICACIÓN Á LECTURA NA AULA

TEMPORALIZACIÓN

Dependendo do nivel e materia dedicamos un tempo á lectura. Tamén o enfoque que se fai da mesma varía.

En primeiro de bacharelato o departamento recomenda unha serie de lecturas voluntarias de carácter científico ou de ciencia ficción que poden mellorar a nota de clase.

Na ESO tamén existe unha recomendación de lecturas, pero de máis libre aplicación polo profesor, sendo o artigo científico o recurso máis traballado. En primeiro e segundo da ESO o departamento participa activamente en iniciativas da biblioteca como “Hora de ler”.

CARÁCTER DAS LECTURAS

O tipo de textos varían segundo o nivel e materia. Tratamos artigos científicos relacionados coa materia, artigos prensa sobre unha noticia científica, novela de ciencia ficción, etc.

ITINERARIOS LECTORES

Todas as lecturas citadas a continuación son optativas, e todos os exemplares serán tomados dos recursos da biblioteca do centro.

PRIMEIRO CICLO ESO

1. Las flores radiactivas, Agustín Fdez
2. Un verano en Borneo, Pilar Garriga
3. La evolución de Calpurnia Tate, Jackeline Kelly
4. A que cheiran as cores?, Juan Carlos Rivadulla Fernández
5. El mundo perdido, Sir Arthur Conan Doyle
6. Ojos de pantera, Silvia Aymerich i Lemos
7. El asesinato de la profesora de ciencias, Jordi Sierra i Fabra
8. El teatro del cuerpo humano, Maris Wicks

SEGUNDO CICLO ESO

1. Científicas, Jorge Bolívar
2. El pintor de neuronas, Vicente Muñoz Puelles
3. Yo, simio. Sergio Gómez
4. Os nenos da varíola, María Soler
5. La tierra herida: ¿Qué mundo heredarán nuestros hijos?, Miguel Delibes e Miguel Delibes de Castro
6. Chocolate amargo, Mirjam Pressler
7. La zona envenenada, Sir Arthur Conan Doyle
8. Neurociencia para Julia, Xurxo Mariño

BACHARELATO

1. El comité de la muerte, Noah Gordon
2. Estado de miedo, Michael Crichton
3. Estado crítico, Robin Cook
4. Vector, Robin Cook
5. El viaje a la felicidad Eduardo Punset
6. Genoma, Matt Ridley
7. El curioso incidente del perro a medianoche, Mark Haddon
8. Patagonia express, Luis Sepúlveda
9. La nariz de Charles Darwin y otras historias de la Neurociencia, J. R. Alonso
10. La Bodega, Noah Gordon
11. El universo en tu mano, Christophe
12. El médico, Noah Gordon
13. Genética para todos, Steve Jones
14. Doctor Stone, Riichiro Inagaki
15. Pórtico, Frederik Pohl
16. Cita con Rama, Arthur C. Clarke
17. 18 Engranajes, Nieves Delgado
18. Intrépido. La flota perdida, I. Jack Campbell
19. Solaris, Stanislaw Lem
20. Frontera Oscura, Sabino Cabeza
21. A Batida, Miguel Domínguez
22. La vida contada por un sapiens a un neandertal, Juan José Millas y J. Arsuaga.
23. El reloj de Mr. Darwin, Juan José Millas y J. Arsuaga.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

As lecturas, dado o seu carácter optativo computará dentro do apartado que a programación reserva a notas de clase. O valor desta nota varía segundo a interpretación do profesor, a materia, e a súa programación de aula.

Como instrumento para avaliar as lecturas, existe unha plantilla modelo con preguntas que se pode atopar na programación didáctica do departamento. Consiste en preguntas orais que o profesor fai ao alumno, onde incluímos unha reflexión persoal da lectura. Ademais a programación conta cunha rúbrica de avaliación para este tipo de tarefas.

UTILIZACIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA

Dende hai anos, o departamento de Bioloxía e Xeoloxía ven participando nas actividades da Biblioteca, sendo un usuario activo dos seus fondos e espazos, participa na formación de usuarios e en todas as iniciativas que o dinámico e moi prolífero Equipo da Biblioteca ten a ben organizar. Ademais, orgullecémonos de ser pioneiros na achega de lectura á aula como ferramenta de divulgación científica e o seu uso vertebrador do ensino da ciencia.

PLAN DE LECTURA NO DEPARTAMENTO DE INGLÉS

ADICACIÓN Á LECTURA NA AULA

TEMPORALIZACIÓN

Tanto na ESO como en Bacharelato se fará unha lectura á semana ou ben dun libro de lectura gradada ou dos textos propostos nos libros de texto. As veces estas lecturas poderán complementarse.

CARÁCTER DAS LECTURAS

O tipo de textos se van ler serán os dos libros de texto en diferentes categorías como descritivo, argumentativo, etc. Hai dispoñibilidade de lecturas gradadas ao nivel de inglés con diferentes temáticas de ficción, autobiografías, comedia, inclusividade, etc.

ITINERARIOS LECTORES

	TÍTULO	AUTOR
1ºESO	<i>Seasons & celebrations</i>	Jackie Maguire
2ºESO	<i>The last of the Mohicans</i>	James Fenimore Cooper
3ºESO	<i>The client</i>	John Grisham
4ºESO	<i>How to be an alien</i>	George Mikes
1ºBAC	<i>How to build a girl</i>	Caitlin Moran
2ºBAC	<i>I am Malala</i>	Malala Yousafzai

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

As lecturas obrigatorias computan na destreza da comprensión escrita (READING) das catro que compoñen o idioma. A realización de lecturas voluntarias se avaliarán a través de probas orais e incrementan a nota ao redondeo.

UTILIZACIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA

O Departamento colabora nalgúñas actividades da Biblioteca. Non só os alumnos da ESO e Bacharelato senón tamén os do Programa CUALE fan uso dos fondos en inglés, incluíndo aqueles pertencentes á EOI. Tamén se lles recomenda ver as películas dispoñibles en versión orixinal que poden atopar na biblioteca.

O PLAN DE LECTURA NO DEPARTAMENTO DE HISTORIA

ADICACIÓN Á LECTURA NA AULA

TEMPORALIZACIÓN

En primeiro e segundo da ESO o departamento participa activamente en iniciativas da biblioteca como “Hora de ler”.

Na clase lemos todos os días textos dalgunha das tipoloxías sinaladas.

CARÁCTER DAS LECTURAS

A tipoloxía dos textos manexados é moi variada: textos narrativos, ensaios, textos xornalísticos, climogramas, mapas, estatísticas, imaxes, textos xurídicos...

ITINERARIOS LECTORES

1º CICLO DA ESO

TÍTULO	AUTOR
El clan del oso cavernario	Jean M. Auel
Os Barbanzóns	Pepe Carreiro
Hipatia, la gran maestra de Alejandría	Víctor García Tur
A Galicia pequeniña	César Cequeliños e Jorge Campos

2º CICLO DA ESO

TÍTULO	AUTOR
O pacto do Letargo	Miguel Anxo Prado
Jamás tendré 20 años.	Jaime Martín
Maus	Art Spiegelman
Wolfram: espías, nazis e maquis	Alberto Varela Ferreiro.
Os corpos invisibles	Emma Pedreira
Un espejo lejano	Bárbara Tuschman
La rama seca del cerezo	Rafael Salmerón
Estranxeiras	C. Granxeiro

BACHARELATO

TÍTULO	AUTOR
Celada	Antonio Piñeiro
El arte de volar	Manuel Alarriba y Kim
Las Meninas	Santiago García y Javier Olivares
Caravaggio 1. El pincel y la espada	Milo Manara
Caravaggio 1. La gracia	Milo Manara
La rama seca del cerezo	Rafael Salmerón
Morgana en Esmelle	Begoña Camaamaño
La Guerra Civil Española (versión gráfica).	Paul Preston & José Pablo García
Persépolis	Marjan Satrapi

Recomendacións de lecturas de libro informativo

- *Historia del arte en cómic. El mundo clásico. Vol.1.* Pedro Cifuentes
- *Historia del arte en cómic. La Edad Media. Vol.2.* Pedro Cifuentes
- *Historia Mundial de España.* Xosé M. Núñez Seixas (Coord.)
- *El fantasma del Rey Leopoldo.* Adam Hochschild
- *Guía visual de la arquitectura en el Mundo Antiguo. Prehistoria, Mesopotamia, Egipto, Grecia y Roma.* Lorenzo de la Plaza Escudero (ed.)
- *Guía para identificar los personajes de la mitología clásica.* Lorenzo de la Plaza Escudero (ed.)
- *Guía para identificar las escenas y los personajes de la Biblia.* Lorenzo de la Plaza Escudero (ed.)
- *Guía para identificar los santos de la iconografía cristiana.* Lorenzo de la Plaza Escudero (ed.)
- *El mundo no es como crees.* El Orden Mundial. Ariel: 2020.
- *Fuera del mapa: un viaje extraordinario a lugares inexplorados.* Alastair Bonnett (trad. J. Calvo). Blackie Books: 2017.
- *Historia visual de la Segunda Guerra Mundial.* Jean López, Nicolas Aubin, Vincent Bernard, Nicolas Guillerat. Crítica: 2019.
- *Historia de la España actual 1939-2000.* Varios
- *El fin del Antiguo Régimen (1808-1868).* Fuentes, J.F.
- *Historia de España. Restauración y dictadura.* Villares, Moreno.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A realización dalgunha destas lecturas poderá ser valorada polo profesorado do departamento na calificación final da materia.

UTILIZACIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA

Dende hai anos, o departamento de Historia ven participando nas actividades da Biblioteca, sendo un usuario activo dos seus fondos e espazos, e participando na formación de usuarios e en todas as iniciativas que o Equipo da Biblioteca organiza.

A utilización dos fondos da biblioteca é habitual.

O PLAN DE LECTURA NO DEPARTAMENTO DE GREGO

ADICACIÓN Á LECTURA NA AULA

TEMPORALIZACIÓN

A lectura constitúe unha dimensión fundamental na nosa materia e ocupa un lugar central no devir académico. Dedicase á lectura un tempo variábel, aínda que diario.

CARÁCTER DAS LECTURAS

Esencialmente, lemos textos narrativos. Sempre relacionados coa literatura, a cultura e a Historia do mundo clásico.

ITINERARIOS LECTORES GREGO I

TÍTULO	AUTOR
<i>La Edad del Bronce</i>	Eric Shanower
<i>La guerra de Troya</i>	Robert Graves
<i>A Odisea</i>	Homero
<i>La hija de Homero</i>	Robert Graves
<i>Así vivieron en la antigua Grecia</i>	Raquel López Melero
<i>Biblioteca mitolóxica</i>	Apolodoro
<i>Mitología del firmamento</i>	Eratóstenes
<i>Fábulas</i>	Esopo
<i>300</i>	Frank Miller
<i>Democracia</i>	Alecos Papadatos
<i>Apología de Sócrates</i>	Esperanza Manzanares
<i>El héroe</i>	David Rubín
<i>Dioses y héroes: mitos clásicos</i>	Jesús Rodríguez Adrados
<i>Figuras y leyendas mitológicas</i>	Emilio Genest
<i>Relatos verídicos</i>	Luciano de Samosata
<i>Antígona ou Edipo Rei</i>	Sófocles
<i>Pluto</i>	Aristófanes

ITINERARIOS LECTORES GREGO II

TÍTULO	AUTOR
Segundo a proposta da CIUG forneceremos ao alumnado coa escolla de lecturas seguintes.	
-Escolla dos catro cantos da <i>Ilíada</i> : I, VI, XVI, XXII	
- <i>Lírica grega arcaica</i> : Safo de Lesbos, e Arquíloco de Paros, Anacreonte de Teos.	
- <i>Edipo Rei</i> de Sófocles	
- <i>Asemblearias</i> de Aristófanes	

ITINERARIOS LECTORES CULTURA CLÁSICA

TÍTULO	AUTOR
<u>Estableceranse tres libros de lectura optativa de entre os seguintes:</u>	
<ul style="list-style-type: none">- <i>Colección de personaxes mitolóxicos de Akal</i>- <i>Colección dos libros de C. Lawrence na editorial Salamandra</i>- <i>Esos supergeniales griegos</i>- <i>Naves negras ante Troya e Las aventuras de Ulises</i> de RoseMary Sutcliff- <i>A novela gráfica de 300</i>	

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A realización dalgunha destas lecturas poderá ser valorada polo profesorado do departamento na calificación final da materia.

UTILIZACIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA

Dende hai anos, o departamento de Historia ven participando nas actividades da Biblioteca, sendo un usuario activo dos seus fondos e espazos, e participando na formación de usuarios e en todas as iniciativas que o Equipo da Biblioteca organiza. De feito, formamos parte do Equipo da Biblioteca.

A utilización dos fondos da biblioteca é habitual.

PLAN DE LECTURA NO DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

ADICACIÓN Á LECTURA NA AULA

TEMPORALIZACIÓN

A lectura constitúe unha dimensión fundamental na nosa materia e ocupa un lugar central no devir académico. Dedícase á lectura un tempo variábel, aínda que diario.

CARÁCTER DAS LECTURAS

A lectura ten unha función instrumental como en calquera outra materia, fonte de coñecemento, mais tamén é un obxecto de estudo en si mesma, un elemento de construción da personalidade e un recurso para a formación da sensibilidade estética e para o afianzamento dun ocio enriquecedor.

ITINERARIOS LECTORES

TÍTULO	
1º ESO <i>A señorita Bubble</i> <i>A biblioteca de Pedrarcana</i> <i>A avoa gánster</i>	Leticia Costas Carlos Taboada David Walliams
